

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H2	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:55

Asunto

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO E SISTEMA DE CONCURSO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA DO CONCELLO DE SANTIAGO

1. OBXECTO DO CONTRATO

Será obxecto deste contrato o asesoramento e colaboración na inspección do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) nos períodos impositivos 2002, 2003, 2004 e 2005 e no procedemento sancionador que se derive da inspección.

En concreto son obxecto deste contrato:

- *O asesoramento* contínuo en contacto permanente co adxudicatario no estudio e tramitación dos expedientes de inspección, tanto por vía telefónica, correo electrónico como presencialmente.
- *A colaboración* nos procesos de inspección tributaria do IIVTNU do Concello de Santiago de Compostela, así como nos procesos do procedemento sancionador que se derive da inspección.

2. ESPECIFICACIÓN TÉCNICAS

2.1 Consideracións xerais

As actividades para desenvolver compóñense de asesoramento e colaboración durante os 9 primeiros meses de vixencia do contrato máis un período de 3 meses de “permanencia” do contrato.

2.2 Asesoramento e colaboración

Duración: 9 meses

Orzamento máximo: 30% das contías recadadas por todos os conceptos nos procedementos de inspección e de sanción.

2.2.1. Asesoramento

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H2	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:55

Asesoramento contínuo con contacto permanente, tando vía telefónica, correo electrónico como presencialmente, nas oficinas municipais e no lugar que legalmente proceda, dependendo das actuacións inspectoras, para resolver no acto cuestións teóricas e prácticas que se susciten no estudo e tramitación dos expedientes de inspección.

En concreto, incidirase en deseñar, analizar e avaliar as actividades inspectoras, así como atender as dúbidas referentes á redacción, contido e efectos de todos os documentos emanados da inspección.

2.2.2. Colaboración

Comprende a realización in situ de todas as fases do procedemento inspector e sancionador.

2.2.2.1. Plan de control tributario

O Plan de control tributario, de carácter reservado, define o ámbito das actividades de inspección que se van desenvolver nun período temporal determinado, así como os obxectivos que se queren conseguir co desenvolvemento das actuacións de inspección.

O Plan de control recollerá os seguintes puntos:

Definición dos obxectivos cualitativos:

- Contribuír ao incremento da recadación voluntaria dos padróns postos ao cobro, descubriendo débeda tributaria oculta.
- Minimizar o número de actas de disconformidade.
- Garantir que se cumpran as obrigas formais por parte dos contribuíntes.
- Transmitir a sensación de control e facer realidade a distribución xusta das cargas tributarias.

Plasmación dos obxectivos cuantitativos:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H2	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:55

- No plan de control farase unha mención específica ao número de contribuíntes a inspeccionar, número de actas a tramitar e importe total da débeda liquidada.

2.2.2.2.- Preinstrución

Nesta fase analísase a situación tributaria de cada contribuínte

2.2.2.3.- Procedemento inspetor

Elaboración das comunicacións de inicio de actuacións inspetoras, con requirimento de documentación. Notificación da dilixencia de inicio. Personación. Dilixencia de constancia de feitos. Comparecencia do obrigado tributario. Elaboración de proposta de acta. Visado da proposta. Entrega ao obrigado tributario da proposta de regularización. Elaboración de actas e cartas de pagamento. Entrega de acta e cartas de pagamento ao obrigado tributario.

2.2.2.4.- Procedemento sancionador

Inicio do procedemento autorizado polo inspetor-xefe. Comunicación de inicio ao obrigado tributario. Proposta de sanción (procedemento abreviado) se constan no expediente todos os elementos de proba, coa cuantificación da sanción. Conformidade do obrigado tributario. De ser o caso, renuncia a presentar alegacións á proposta de sanción. Resolución expresa, asinada polo inspetor-xefe, no suposto de presentar alegacións.

2.2.2.5.- Tramitación conxunta dos dous procedementos

2.2.2.6.- Resolución de recursos

2.2.2.7.- Informes de seguemento.

2.3. Descrición da aplicación informática

Para a execución do contrato, a empresa deberá poseer un programa específico de procedemento inspetor e sancionador que sirva de instrumento de xestión á actividade concreta, e poñer a disposición do Concello de Santiago de Compostela, unha conexión on-line a este módulo específico.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H2	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:55

2.3.1 As funcionalidades mínimas do módulo serán as seguintes:

- Análise da información tributaria.
- Formación de lotes de contribuíntes, feitos impositivos ou bens obxecto de inspección.
- Asignación dos lotes de inspección ás persoas responsables da súa execución.
- Rexistro das actas.
- Asignación da tipoloxía graduada de sancións segundo a lexislación vixente.
- Elaboración dos distintos documentos nos que se sustenta a inspección: comunicacións, dilixencias, actas, informes, etc.
- Elaboración dos distintos documentos nos que se sustentan os expedientes sancionadores.
- Seguemento permanente do grao de cumprimento das actuacións inspetoras, do resultado das notificacións, do resultado recadatorio e do cumprimento da sanción acordada.

2.3.2 A empresa adxudicataria facilitaralle ao Concello, coa periodicidade que se determine e no formato que indicará o Servicio de Xestión, Recadación e Inspección, un ficheiro que conteña a información elaborada na súa aplicación informática, co obxecto de continuar a xestión tributaria e recadatoria no sistema informático municipal.

2.3.3 A xeneración de liquidacións, xuros de demora , sancións e calquera outro concepto farase no programa municipal de xestión de ingresos. Todo o seguimento do proceso de recadación farase tamén no programa municipal.

2.4 Descrición do equipo humano

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H2	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:55

Os traballos obxecto deste contrato realizaranos persoas con experiencia ampla na inspección dos tributos locais, e actuarán conxuntamente co persoal inspetor do Concello de Santiago de Compostela.

Xustificarse documentalmente a experiencia do persoal a adscribir a execución do contrato mediante:

- Presentación de currículo do persoal responsable da execución do contrato.
- Relación dos principais servicos ou traballos prestados para as entidades locais, por parte dos responsables executores do contrato, durante os tres últimos anos, que inclúa o importe liquidado e cobrado e a data de realización.

En todo caso, a realización de labores de asesoramento e colaboración contará coa dirección dun xefe de equipo que asumirá os seguintes cometidos:

- A responsabilidade do funcionamento da inspección e a efectiva execución dos traballos.
- A cualidade das actuacións realizadas e da redacción das propostas de liquidación que produza a inspección.
- Seguemento das actuacións e cumprimento das cláusulas contractuais.
- Relación cotiá co persoal inspetor municipal na instrucción e resolución dos expedientes, actuando de interlocutor entre a empresa adxudicataria e o Concello de Santiago de Compostela.
- Colaborará activamente coa Inspección Municipal.

Na oferta indicarse o persoal que a empresa vai adscribir a execución do presente contrato e non se poderá modificar o persoal adscrito sen autorización expresa da Administración municipal.

3. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de duración do contrato é de 12 meses, o de execución das tarefas de inspección e sanción será de 9 meses, durante os tres meses seguintes o

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H2	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:55

adxudicatario seguirá facturando ó Concello en función das cantidades efectivamente recadadas.

Non se poderán iniciar as actuacións de comprobación dun novo período impositivo ata ter finalizados os trámites de requerimento de información do período impositivo inmediatamente anterior.

4. ORZAMENTO DO CONTRATO

Consonte coa modalidade deste contrato, o orzamento máximo do gasto será a suma do 30% das cantidades netas recadadas nos procedementos de inspección e nos procedementos sancionadores derivados do contrato, IVE incluído.

5. PRÓRROGA DO CONTRATO

Non se prevé a prórroga do contrato.

6. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

De acordo co previsto no art. 73.2 do TRLCAP, a adxudicación farase polo procedemento ABERTO, sendo a forma de adxudicación o CONCURSO, regulado nos artigos 85 a 90 do citado texto legal, en relación co 208.3 do mesmo texto.

7. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN

- Plan de traballo: 60 puntos
- Oferta económica: 30 puntos
- Melloras: 10 puntos

8. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE INCORPORARSE Á OFERTA:

- **Memoria detallada do plan de traballo** que os licitadores propoñan para realizar as prestacións de asesoramento e colaboración que comprende o contrato, tendo en conta para iso as especificacións técnicas que establece o punto 2 deste prego.

A memoria incluirá un plan de control tributario con arreglo aos contidos establecidos neste prego, para os efectos de coñecemento e valoración por parte do Concello de Santiago.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H2	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:55

Expresará tamén os procedementos que seguirá para realizar as prestacións de asesoramento e colaboración previstas neste prego, así como para realizar un seguemento e avaliación das actuacións realizadas.

Tamén describirá pormenorizadamente os medios persoais e materiais que integre no contrato, con especial referencia ás funcionalidades da aplicación informática que vaia poñer a disposición do Concello.

- **Relación detallada de melloras** que ofertan os licitadores para aumentar a calidade das prestacións previstas neste prego, entendendo que non van supoñer ningún custo adicional para o Concello de Santiago.

9. FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento do prezo do contrato satisfacerase con cargo aos créditos orzamentarios previstos para este fin.

Facturarase bimensualmente contra a presentación da factura relativa os ingresos efectuados durante dito período. Achegarase xunto coa factura a documentación que, de estimarse precisa, xustifique a realización total ou parcial das prestacións executadas, especialmente a relativa os ingresos producidos.

En todo caso, as facturas deberán ter o visto e prace do responsable designado pola área promotora do contrato.

Concluídos os traballos, e durante un período de 3 meses, seguirase facturando en función dos ingresos producidos.

Ao remate deste período liquidarase o contrato.